

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O COMITÉ CIUDADÁN ANTISIDA DA CORUÑA (CASCO), PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA PILOTO DE FOMENTO DA PREVENCIÓN E CRIBADO DE VIH E VHC EN ZONAS DE OCIO DA CIDADE DA CORUÑA E EVENTOS DE OCIO DOUTROS LUGARES DA PROVINCIA DA CORUÑA

A Coruña, 21 de xuño de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, así como das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, os Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

E doutra, **Dona Sonia Valbuena García (DNI 32802882Y)**, como directora do Comité Ciudadán Antisida da Coruña (en adiante CASCO), con CIF: G15279219, entidade sen ánimo de lucro de loita contra o virus da inmunodeficiencia humana (en adiante VIH) e a síndrome de inmunodeficiencia adquirida (en adiante SIDA) rexistrada por resolución do 03/02/2014, co núm. 2014/18170-1ª, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

EXPOÑEN

I. Que CASCO é unha organización sen ánimo de lucro que ten como misión principal o fomento da loita contra o VIH e a SIDA desde a contorna comunitaria no ámbito xeográfico da cidade da Coruña e a súa área. Desenvolve e ofrece servizos comunitarios de apoio ás persoas máis vulnerables a estas infeccións e outras infeccións de transmisión sexual (en adiante ITS). Ven colaborando na loita contra o VIH/SIDA, co plan galego anti VIH/SIDA e outras ITS desde hai máis de 20 anos. Dispón de recursos asistenciais comunitarios de loita contra esta infección en poboacións máis vulnerables ao VIH como son persoas con SIDA, persoas usuarias de drogas inxectadas (PID), persoas internas e ex-internas en institucións penitenciarias, persoas que exercen a prostitución, colectivo LGTBI, persoas sen fogar, etc... Conta con persoal formado e con experiencia en actividades de prevención de VIH e outras ITS.

II. Que a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, leva a cabo a coordinación e o desenvolvemento do Plan galego anti-VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual.



Sex Point
Calle Santander 15 · 15005, A Coruña.
CASCO
CIF: G-15279219

III. Que a infección polo VIH e o virus da hepatite C (en adiante VHC), constitúen un problema socio-sanitario de primeira magnitude na nosa sociedade. E que hai que ter en conta que habitualmente estas infeccións non ocasionan síntomas evidentes nos primeiros estadios e as persoas permanecen infectadas longo tempo ata o diagnóstico, ocasionándolles un dano moi importante á súa saúde e asemade facilitando a continuación da cadea epidemiolóxica de transmisión destas infeccións a outras persoas.

Por todo isto, considérase necesario a realización dun programa piloto de cribado destas infeccións dirixido a persoas con especial vulnerabilidade, que describa a prevalencia da área de estudo, neste caso o concello da Coruña.

IV. Que o Programa de cribado obxecto do actual convenio é parte das estratexias recomendadas polos organismos internacionais para poñer fin a estas infeccións no ano 2030.

V. Que, por conseguinte, ambas partes consideran que o desenvolvemento deste convenio ten un alto interese para ambas, xa que permitirá o diagnóstico de infeccións descoñecidas, así como seguir coñecendo a dinámica de prevalencia e eliminación do VIH e VHC nos grupos de poboación máis vulnerables onde se están transmitindo estes virus, perseguíndose así a consecución dun fin común para as partes, con dimensión de interese público, en tanto que favorece a consecución do obxectivo de garantía e protección da saúde pública.

VI. Que, polo seu obxecto e as razóns anteriormente expostas, o presente convenio de colaboración non ten a natureza de contrato, atopándose polo tanto excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

VII. Que, co fin de establecer unha colaboración eficaz para levar a cabo o obxecto do presente convenio, ambos organismos coinciden en formalizar este documento en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. - Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as relacións de colaboración entre a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e a entidade comunitaria CASCO da Coruña para fomentar a prevención e a detección precoz da infección polo VIH e VHC en persoas vulnerables en zonas de ocio do concello da Coruña e eventos de ocio multitudinarios ocasionais da provincia da Coruña, a través dunha unidade móbil (ViHxía móbil) como programa piloto, que terá unha duración de 6 meses.



Este programa piloto pretende mellorar as actuacións existentes no eido da prevención do VIH e VHC e fomentar o uso de probas rápidas de detección precoz, acercando estas actividades aos lugares e momentos de ocio e de especial interese para captar a un maior número de persoas vulnerables, que habitualmente non acoden ao sistema asistencial sanitario ordinario. Este programa piloto pode contribuír a avaliar a implantación destas medidas de cribado de maneira permanente e xeneralizada noutras contornas comunitarias de Galicia, como medida de saúde pública fronte as infeccións polo VIH e o VHC.

Segunda. - Obrigacións da Consellería de Sanidade.

No marco do presente convenio a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia comprométese a:

- a) Dotar á entidade colaboradora CASCO cos materiais de cribado necesarios para levar a cabo 600 probas rápidas en 6 meses, correspondentes á duración do programa piloto de cribado de VIH e VHC no concello da Coruña. Asemade, proporcionará material preventivo (paquetes de inxección hixiénica de drogas e preservativos) e material informativo (folletos) sobre VIH, VHC e outras ITS.
- b) Proporcionar unha vía rápida de acceso á unidade de VIH do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (en adiante CHUAC), para confirmar ou excluír os resultados reactivos ou dubidosos (non válidos) das probas.
- c) Realizar a coordinación e transmisión da información entre CASCO e a Unidade de VIH do CHUAC e a Dirección Xeral de Saúde Pública, participantes neste programa piloto de cribado.
- d) Facer mención da colaboración con CASCO cando se faga uso público dos datos do programa piloto de cribado.
- e) Realizar unha achega económica conforme ao establecido na cláusula sétima deste convenio.

Terceira. - Obrigacións de CASCO.

CASCO comprométese a achegar os seguintes recursos e a realizar as seguintes actividades:

- a) Empregar os recursos dotados a través deste convenio para a realización de actividades itinerantes de achegamento ás poboacións máis vulnerables ao VIH, VHC e outras ITS nas zonas de ocio do concello da Coruña e eventos de ocio multitudinarios ocasionais da provincia da Coruña, durante o período de realización do programa piloto.



Sex Point
Calle Santander 15 · 15005, A Coruña.
CASCO
CIF: G-15279219

b) Aportar un vehículo adaptado e rotulado para realizar probas rápidas de VIH e VHC nestas contornas de ocio: ViHxía móbil. En dita rotulación deberá figurar a colaboración da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade).

c) A unidade móbil situarase periodicamente nos lugares de ocio de interese para o proxecto piloto. Desprazaranse dous días á semana, preferentemente venres e sábado, en horario de 22:00 a 24:00 horas ás 5 zonas de ocio da cidade da Coruña: Zona Orzán, San Andrés, La Marina, Matogrande, San Juan-Plaza de España, e a festivais e eventos de ocio da provincia da Coruña (Morriña Fest, Atlantic Pride, Festas de María Pita, Festival Celta de Ortigueira, etc...).

d) Realizar o asesoramento e prevención no eido das infeccións por VIH e VHC, e realizar a detección precoz mediante as probas rápidas anónimas en mostra de fluído oral de maneira gratuíta e anónima ás persoas usuarias que as demanden no ViHxía móbil.

e) Comunicar, nos formularios correspondentes, os datos epidemiolóxicos anónimos obtidos no Programa Piloto de cribado de VIH e VHC, á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

f) Derivar á Unidade de VIH do CHUAC ás persoas usuarias con resultados reactivos ou dúbidosos (non válidos), para a confirmación ou exclusión destas infeccións.

g) Dispor de dous técnicos con formación en probas rápidas de VIH e VHC que se encargarán de atender ás persoas usuarias no ViHxía móbil, para desenvolver o programa piloto.

h) Cubrir os custos correspondentes ao traballo do persoal técnico de CASCO que participe no obxecto do presente convenio.

Cuarta. - Posta en marcha do programa piloto e recollida de datos

As probas a realizar enmárcanse nunha estratexia de cribado recomendada polo Ministerio de Sanidad e organismos internacionais, que se denomina probas rápidas, anónimas e gratúitas realizadas en contornas comunitarias (fóra de centros sanitarios). Como tales probas anónimas, non se recollen datos de carácter persoal, polo que a recollida de variables anónimas ten exclusivamente carácter epidemiolóxico e en ningún caso permite identificar a persoa que fai a proba.

A recollida de datos de carácter persoal en ningún caso está permitida polo programa piloto do ViHxía móbil.

As variables epidemiolóxicas que se recollen son as seguintes:

- *Identificación da entidade que fai a proba.* Nesta variable especificarase se a proba foi realizada no ViHxía móbil.



Sex Point

Calle Santander 15 - 15005, A Coruña.

CASCO

CIF: G-15279219

- *Localidade de residencia da persoa usuaria.* Provincia: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Fora de Galicia, NC.
- *Sexo:* home, muller, NC.
- *Grupo de idade:* 16-25, 26-35, 36-45, 46-55, 56-65, 66-75, >75, NC
- *Lugar de orixe:* España, Europa Occidental, Europa do Leste, Latinoamérica, África Subsahariana, África do Norte, Outros, NC.
- *Práctica de risco:* relacións sexuais HSH sen relación coa prostitución, relacións sexuais HSH con relación a prostitución, relacións heterosexuais sen relación coa prostitución, relacións heterosexuais con relación coa prostitución, compartir materiais para inxectarse drogas, non contesta/non declara práctica de risco.
- *Tempo transcorrido desde a práctica de risco:* menos de 3 meses, entre 3 meses e 1 ano, entre 1 e 5 anos, entre 5 e 10 anos, máis de 10 anos, NC.
- *Fixo antes de agora algunha proba rápida de VIH e VHC ?:* nunca, hai menos de 3 meses, entre 3 meses e 1 ano, entre 1 ano e 5 anos, máis de 5 anos, NC.
- *Foi positivo previamente a algunha proba de VIH e/ou VHC ?:* si, non, NC.
- *Despois de recibir consello asistido previo, realiza a proba de VIH e VHC?:* si, non.
- *Data da proba:* XX/XX/XXXX
- Resultado probas rápidas VIH e VHC:* reactiva, non reactiva, dubidosa (non válida). As probas dubidosas (non válidas) non se repetirán.
- *Derivación á unidade VIH do CHUAC das probas reactivas e dubidosas:* si, non
- *Resultado da proba de confirmación ou non de VIH e VHC:* positivo, negativo, NC.
- *Data da confirmación ou non do VIH e VHC:* XX/XX/XXXX.

Estes datos recóllense nun formulario autocopiativo de tres follas numeradas (unha para a persoa usuaria, outra para a entidade que fai a proba, e outra para a Dirección Xeral de Saúde Pública), identificadas cun mesmo número aleatorio que permitirá á persoa portadora solicitar telefonicamente a CASCO o resultado da proba, achegando o número de proba, e presentar este documento anónimo para ser atendido na unidade de VIH do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) como persoa usuaria deste cribado. A confirmación ou non no CHUAC da proba rápida comunicárase á Dirección Xeral de Saúde Pública, sen ningún dato persoal, senón a través do número que identifica unha proba, pero non unha persoa. Unha vez a persoa usuaria é atendida no CHUAC, a información sobre a mesma queda baixo a cobertura de protección de datos de carácter persoal do Servizo Galego de Saúde.

Quinta.- Protección de datos.

En relación ao tratamento dos datos de carácter persoal dos que as entidades asinantes do convenio teñan coñecemento no desenvolvemento das súas correspondentes actividades, se atenderán as disposicións de obrigado cumprimento establecidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Calle Santander 15 · 15005, A Coruña.

CASCO

CIF: G-15279219

En cumprimento da mencionada normativa, as partes comprométense a satisfacer os dereitos das persoas interesadas, a obter o seu consentimento cando sea exixible, e a cumprir os demais requirimentos exixidos pola normativa de protección de datos.

Sen prexuízo do anterior, o Programa Piloto de ViHxía móbil ten carácter anónimo, polo que non se recollerán datos de carácter persoal de ningún tipo, de conformidade co disposto na cláusula cuarta. A información recollida será estritamente anónima e unicamente de carácter epidemiolóxico sen a identificación das persoas usuarias; e polo tanto, non constitúe un rexistro sometido a normativa de protección de datos de carácter persoal.

Sexta. - Dereitos de propiedade industrial e intelectual.

Os resultados epidemiolóxicos derivados da realización do programa piloto son de titularidade conxunta entre a Consellería de Sanidade de Galicia e CASCO.

CASCO non publicará ningún resultado sen comunicalo previamente á Consellería de Sanidade e obter a autorización pertinente. Asemade, mencionará en todas as publicacións resultantes da realización do obxecto do convenio á Consellería de Sanidade.

Sétima. - Comisión Mixta de Seguimento.

Para o seguimento, vixilancia e control do presente convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada polos seguintes membros:

Por CASCO:

- A directora de CASCO ou persoa en quen delegue.
- Un/Unha técnico/a participante no programa piloto.

Pola Consellería de Sanidade:

- A persoa titular do Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles da Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Un/Unha técnico/a do Plan galego anti VIH/SIDA.

A presidencia da comisión corresponderá alternativamente á Consellería de Sanidade e á entidade CASCO, tendo o/a presidente/a voto de calidade no caso de empate.

Ademais das mencionadas, serán funcións da mesma:

- a) Garantir o cumprimento dos obxectivos e obrigas do convenio.
- b) Promover a publicación científica derivada dos resultados do convenio.
- c) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puidesen xurdir.

Esta comisión reunirse cada tres meses, así como tantas veces como sexa necesario para asegurar a boa marcha das actuacións a desenvolver ao abeiro deste convenio.



Oitava. - Financiamento.

A Consellería de Sanidade comprométese a achegar, con cargo á partida orzamentaria 1202.413A.640.4, a cantidade máxima de 18.000 €, que se abonará en dous pagos trimestrais a contar dende a data de sinatura do convenio:

- Primeiro pagamento: 9.000 €, ao final do primeiro trimestre.
- Segundo pagamento: 9.000 €, ao final do segundo trimestre.

Para o pago destas cantidades, CASCO presentará, unha vez realizadas as actuacións ás que se compromete mediante a sinatura do presente convenio, as correspondentes facturas, acompañadas dunha memoria xustificativa na que se detallen o número de probas realizadas e os resultados de cada unha das probas, así como os días, horas e lugares aos que se desprazaron e o número de persoas que non fixeron a proba, pero ás cales se lles entregou información e medios preventivos (preservativos e paquetes de inxección hixiénica).

A memoria presentarase trimestralmente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, dentro dos 10 días seguintes á finalización do trimestre, e deberá ir acompañada da correspondente copia do documento "Enquisa epidemiolóxica". A dita memoria presentarase nun documento en formato PDF asinado pola persoa responsable de CASCO, e deberá dirixirse ao Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles da Dirección Xeral de Saúde Pública.

En todo caso, as achegas ás que se comprometen os asinantes non serán superiores aos gastos derivados da execución do convenio. En concreto, a achega da Consellería de Sanidade cubrirá soamente os custos derivados da realización das actividades obxecto do convenio.

Novena. - Relación contractual

A subscrición do presente convenio non implica ningunha relación contractual entre a Consellería de Sanidade e os profesionais técnicos de CASCO que realicen as actividades obxecto do mesmo.

Décima. - Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa quedando suxeito ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, en particular ao previsto no seu Capítulo VI do Título Preliminar. Asemade, carece de natureza contractual, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de conformidade co disposto no artigo 6 da mesma. Non entanto, aplicaranse os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.



Sex Point
Calle Santander-15 · 15005. A Coruña.
CASCO
CIF: G-15279219

As partes comprométense a solucionar de mutuo acordo as controversias que puideran orixinarse con motivo da interpretación e aplicación do presente convenio.

Calquera discrepancia respecto á interpretación, aplicación ou execución do presente convenio será sometida á comisión mixta de seguimento regulada na cláusula sexta.

De non existir acordo, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro que en dereito lles puidera corresponder, sométense expresamente á competencia dos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Undécima. - Réxime de modificación do convenio.

A modificación do contido do presente convenio requirirá acordo unánime e expreso dos asinantes.

Décimo segunda. - Causas de extinción.

O convenio extinguirase polo seu cumprimento ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso da vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días desde a data da comunicación, indicando as obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á comisión mixta de seguimento a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista noutras leis.

Nos supostos de resolución anticipada, a comisión mixta de seguimento prevista na cláusula sexta decidirá sobre a forma de terminar as actuacións en curso, así como as compensacións que deberán outorgarse aos asinantes a fin de cubrir os danos e prexuízos que puideran xerarse, tomando en todo caso os criterios de mínima intervención e equidade como bases para realizar unha proposta de solución aos efectos adversos que xere a resolución anticipada. Para a dita finalización, haberá un prazo improrrogable que será fixado polas partes, no seo da comisión de seguimento, cando se resolva o convenio.



Sex Point
Calle Santander 15 - 15005, A Coruña.
CASCO
CIF: G-15279219

Décimo terceira. - Vixencia.

A vixencia do presente convenio será de 6 meses a partir da sinatura do mesmo, podendo prorrogarse mediante a subscripción da oportuna addenda, de acordo cos límites sinalados no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo cuarta.- Rexistro de convenios e transparencia

A sinatura de este convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño ou, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, asinase o presente convenio por duplicado exemplar, no día e lugar indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade



D. Julio García Comesaña

Pola entidade Comité Cidadán
Antisida da Coruña CASCO



Dña. Sonia Valbuena García

Sex Point

Calle Santander 15 · 15005, A Coruña.

CASCO

CIF: G-15279219